



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 4 de febreiro do 2016

Hora de comezo: 14.35 h

Hora de remate: 14.55 h

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato

Don Manuel Fernández Munín

Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

AUSENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Aprobación convenio para a campaña de comunicación do Concello de Boqueixón coa entidade Cadena Cope – Cope Santiago**
- 3. Aprobación convenio para a campaña de comunicación do Concello de Boqueixón coa entidade Sociedade Española de Radiodifusión SL**
- 4. Aprobación convenio para a campaña de comunicación do Concello de Boqueixón coa entidade Editorial Compostela SA**
- 5. Incremento intensidade horaria SAF libre concorrencia**
- 6. Alta no SAF por libre concorrencia**
- 7. Aprobación de facturas**
- 8. Xustificación subvención programa FOIO0B/2015, “Conciliación e responsabilidades compartidas”**
- 9. Renuncias licenzas urbanísticas**
- 10. Altas abastecemento/saneamento**
- 11. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 21 de xaneiro do 2016.

2. Aprobación convenio para a campaña de comunicación do Concello de Boqueixón coa entidade Cadena Cope – Cope Santiago

Tendo en conta que neste mes de febreiro debe saír a resolución da Axencia de Turismo de Galicia pola que se establecerán as bases reguladoras para a concesión de axudas ós concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico. Tendo en conta , así mesmo, que unha parte dos fondos previstos neste convenio aplícanse á “Festa da Filloa”, acórdase deixar este punto sobre a mesa.

3. Aprobación convenio para a campaña de comunicación do Concello de Boqueixón coa entidade Sociedade Española de Radiodifusión SL

Tendo en conta que neste mes de febreiro debe saír a resolución da Axencia de Turismo de Galicia pola que se establecerán as bases reguladoras para a concesión de axudas ós concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico. Tendo en conta , así mesmo, que unha parte dos fondos previstos neste convenio aplícanse á “Festa da Filloa”, acórdase deixar este punto sobre a mesa.

4. Aprobación convenio para a campaña de comunicación do Concello de Boqueixón coa entidade Editorial Compostela SA

Tendo en conta que neste mes de febreiro debe saír a resolución da Axencia de Turismo de Galicia pola que se establecerán as bases reguladoras para a concesión de axudas ós concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico. Tendo en conta , así mesmo, que unha parte dos fondos previstos neste convenio aplícanse á “Festa da Filloa”, acórdase deixar este punto sobre a mesa.

5. Incremento intensidade horaria SAF libre concorrência

Aprobación de incremento intensidade horaria SAF libre concorrência.

6. Alta no SAF por libre concorrência

Aprobación de dar unha alta no SAF por libre concorrência.

7. Aprobación de facturas

Con cargo ó orzamento do ano 2015

1. Por unanimidade dos asistentes a Xunta de Goberno acorda aprobar seguinte relación de facturas que serán aboadas con cargo ó presuposto do ano 2015, por un importe total de 11.208,49 euros.

Núm.	Provedor	Partida	Importe
1	La Voz de Galicia, SA – Publicidade web mes de decembro 2015	432.22601	121,00
2	Cogami Reciclado de Galicia, SL – Recollida papel e cartón mes de novembro 2015	1623.212.00	388,98
3	Sogama, SA – Recollida de RSU mes de decembro 2015	1623.212.00	8.315,00
4	Mª del Carmen Vázquez Fernández – Alimentación Escola Infantil mes de decembro 2015	231.221.05	198,62
5	CHC Energía – Consumo electricidade Local Social de Ledesma (30/10/15 - 31/12/15)	165.221.00	167,40
6	CHC Energía – Consumo electricidade Casa da Cultura de Camporrapado (2/11/15 – 1-12-15)	165.221.00	292,70
7	CHC Energía – Consumo alumeado público Granxola – Codeso (28/10/15 – 24/12/15)	165.221.00	135,62
8	CHC Energía – Consumo alumeado público Loureiro – Pousada (28/10/15 – 24/12/15)	165.221.00	417,69
9	CHC Energía – Consumo alumeado público Donas (28/10/15 – 24/12/15)	165.221.00	193,71
10	CHC Energía – Consumo alumeado público Camporrapado (29/10/15 – 28/12/15)	165.221.00	465,69
11	CHC Energía – Consumo alumeado público Devesa – Oural (30/10/15 – 29/12/15)	165.221.00	62,54
		Importe	10.758,95

A continuación transcribense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2015:

Núm.	Provedor	Partida	Importe
12	Vodafone – Servizo de mensared do 15/12/2015 ó 14/01/2016	920.22200	14,54
13	Telefónica Móviles, SA – Consumo fax + teléfonos móbiles (18/11/15-17/12/15)	920.22200	435,00
		Importe	449,54

2. Aprobación de facturas do Obradoiro de Emprego con cargo ó ano 2015

A continuación a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes aproba as facturas xeradas polas obras que se están a facer no obradoiro de emprego por importe de 2.203,14 euros (achega concello) e que se desagregan nos seguintes listados:

Importe subvención achega concello: 30.255,25 euros

Importe que resta de subvención descontando o total do gasto realizado: 18.835,16 euros

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
14	El Sol, SL – Materiais para obradoiro	1532.212.00	49,16
15	Marbe Hispania, SL – Formigón para obra	1532.212.00	659,04
16	Talleres González, SL – Materiais para obradoiro	1532.212.00	223,30
17	Madesa – Madeiras para obras obradoiro	1532.212.00	1.271,64
		Total	2.203,14

Con cargo ó orzamento do ano 2016

1 A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a seguinte relación de facturas que se aboarán con cargo ó presuposto do ano 2016 por un importe de 9.958,25 euros.

Núm.	Provedor	Partida	Importe
18	Almacenes Redondo –Materiais varios para obras municipais	153.2.212.00	273,99
19	Liquidación de gastos voluntaria europea Tetiana	920.230.00	9,35
20	Liquidación de gastos de J. M. Corral Sánchez	135.213.00	58,91
21	Liquidación de gastos de Anselmo Caeiro Vilar	920.230.00	109,90
22	Grafidez, SL – Tarxetas e carteis para xornadas gastronómicas da Filloa	432.226.00	647,35
23	Ferliño, SL – Mangueira máquina a presión	171.213.00	163,35
24	Consejo General Cosital – Revista estudos locais ano 2016	920.220.01	190,00
25	Repsol Butano, SA – Cargas de gas butano para pavillón e campo de fútbol	342.221.02	141,75
26	Montaxes Eléctricos Fernández, SL – Reposición farol en Sergude (28/11/15)– Con cargo a seguro sinistro vehículo	165.221.99	1.734,30
27	Montaxes Eléctricos Fernández, SL – Reposición farol en Forte (6/11/15) – Con cargo a seguro sinistro vehículo	165.221.99	1.734,30
28	Ferrecal,SA – Material vario para servizo de abastecemento de auga municipal	161.212.00	640,42
29	Ferrecal,SA – Abono material	161.212.00	-263,84
30	David Fernández Neira- Servizo de actividades culturais e deportivas mes de xaneiro – segundo contrato	334.226.09	1.887,60
		Importe	5.593,08

A continuación transcribense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2016:

Núm.	Provedor	Partida	Importe
31	Montaxes Eléctricos Fernández, SL – Mantemento alumeado mes de xaneiro	165.210.00	3.771,17
32	Compostela Digital,SL – Mantemento informático mensual mes de xaneiro	920.216.00	594,00
		Importe	4.365,17

2 Aprobación de factura con cargo a subvención

Con data 2 de febreiro tivo entrada no rexistro a factura da Banda de Música de Negreira pola actuación realizada na festa do S. Vicente o día 22 de xaneiro de 2016 por importe de 1.120,00 euros.

Como tódolos anos, esta actuación inclúese no programa Rede Cultural 2016 que a Deputación aínda non comunicou.

Polo tanto, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

- Aprobar a factura núm. 2 emitida pola Banda de Música de Negreira pola actuación realizada na festa do S. Vicente o día 22 de xaneiro de 2016 por importe de 1.120,00 euros.
- Imputar o pagamento á subvención da Rede Cultural da Deputación

8. Xustificación subvención programa FOIO0B/2015, “Conciliación e responsabilidades compartidas”

O 10 de abril do 2015, no Boletín Oficial da Provincia, número 66, sae publicada a resolución definitiva da concesión de subvencións do programa FOIO0B: Programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais para o desenvolvemento de políticas de igualdade 2015.

Ó Concello de Boqueixón concédeselle unha subvención por importe total, que se ha xustificar, de 5.994,75 €.

Con data 17/04/2015 e número de rexistro (de saída) da Deputación Provincial 201599900002839 recíbese no concello notificación do anticipo: resolución de pago, programa “Conciliación e responsabilidades compartidas proxecto CI-5”. Dita resolución resolve aboar ó concello ó 50 % do importe da subvención, en concepto de anticipo, o que supón a contía de 2.997,38 €.

Dito ingreso na conta do concello ten lugar o 28 de abril do 2015.

O obxecto xeral da subvención “Programa de Conciliación 2015” é fomentar as actividades culturais, educativas, e de lecer para a poboación infantil fóra do horario escolar, en xornada laboral dos pais/titores e en períodos vacacionais, así como traballar conscientemente a transversalidade de xénero, creando un espazo de socialización desde o cal se compensen os desaxustes de orixe diverso, como aqueles que proveñen de prexuízos sexistas que poden incidir na poboación infantil.

As actividades do “Programa de Conciliación 2015” tiveron lugar en horarios laborais dos proxenitores/titores, polas tardes, e fóra do horario escolar.

A temporalización tivo lugar do seguinte xeito: nos centros socio culturais de Camporrapado e o Forte, todos os venres de xaneiro a xuño, e todos os venres de outubro a novembro e no centro socio cultural de Lestedo todos os mércores de xaneiro a xuño e de outubro a novembro, en horario de tarde.

Tanto a elección dos centros socio culturais para a realización das actividades de ocio como os horarios elixidos fixéronse de acordo coa demanda do servizo por parte dos proxenitores/titores.

O prazo de xustificación da subvención remata o 31 de maio de 2016.

Tendo en conta que se cumpren tódolos compromisos e condicións impostos na concesión da subvención, a Xunta de Goberno acorda:

1. Imputar os seguintes porcentaxes das nóminas do dinamizador socio cultural que interveu nas actividades do programa de conciliación 2015, tanto na planificación, como activamente no seu desenvolvemento e na elaboración da memoria:

Meses 2015	Apelidos, nome e DNI	Salario Bruto/mes	SS empresa/mes	Total Gasto mes	% imputado	Total imputado	Data/ Forma de pago
Xaneiro	Villaverde Nuñez Pascual xxxxxx	1.545,18 €	603,91 €	2.149,09 €	44,03%	946,24 €	Transferencia bancaria 26/01/2015
Febreiro	Villaverde Nuñez Pascual xxxxxx	1.545,18 €	603,91	2.149,09 €	44,03%	946,24 €	Transferencia bancaria 25/02/2015
Marzo	Villaverde Nuñez Pascual xxxxxx	1.545,18 €	603,91	2.149,09 €	44,03%	946,24 €	Transferencia bancaria 25/03/2015
Abril	Villaverde Nuñez Pascual	1.545,18 €	603,91	2.149,09 €	44,03%	946,24 €	Transferencia

	xxxxx						bancaria 27/04/2015
Maio	Villaverde Nuñez Pascual xxxxx	1.545,18 €	603,91	2.149,09 €	44,03%	946,24 €	Transferen cia bancaria 25/05/2015
Xuño	Villaverde Nuñez Pascual xxxxx	3.090,36 €	603,91	3.694,27 €	12,29%	454,03 €	Transferen cia bancaria 25/06/2015
Outubro	Villaverde Nuñez Pascual xxxxx	1.545,18 €	603,91	2.149,09 €	44,03%	946,24 €	Transferen cia bancaria 26/10/2015
Novem bro	Villaverde Nuñez Pascual xxxxx	1.545,18 €	603,91	2.149,09 €	44,03%	946,24 €	Transferen cia bancaria 25/11/2015
Importe total imputado ó dinamizador social, Pascual Villaverde Nuñez						7.077,71 €	

2.- Imputar con cargo a esta subvención as seguintes facturas:

Concepto	Razón social	Nº factura	Data emisión	Importe factura	Total imputado	Data órgano aprobación	Data pagamento
Material funxible activ. conciliación	Area informática xxxxxBenjamín Collantes Vieiro	68/A15	23-04- 2015	229,14 €	100%	Xunta Goberno 7/05/2015	18/05/2015
Material funxible activ. conciliación	Area informática xxxxxBenjamín Collantes Vieiro	179/A15	01-09- 2015	317,40 €	100%	Xunta Goberno 17/09/2015	24/09/2015
Importe total imputado: 546,54 €							

2. O importe total que se xustifica é de 7.624,25 €.

3. Aprobar a memoria explicativa das actividades realizadas “Conciliando 2014”, na que consta o cumprimento da finalidade, así como ter cumpridos os requisitos, condicións impostas e aplicación da transversalidade de xénero, xunto cos resultados obtidos.

4. Que para o mesmo obxecto , obtivéronse ingresos dos participantes por importe total de **1.619,22 €**. Non se obtiveron outras subvencións de entidades públicas / privadas.

5. Que polo concello fíxose constar na publicidade da actividade subvencionada a colaboración da Deputación Provincial da Coruña

6. Que non se ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación dos xustificantes.

7. Que a Conta Xeral do ano 2014 foi aprobada e enviada correctamente ó Tribunal de Contas con data 14/10/2015.

8. Que o gasto que se xustifica se reflectiuse, na forma preceptiva no Libro de Contabilidade da Entidade, segundo o disposto no artigo 14.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e , sendo polo tanto contabilizado e pagado

9. Dar conta deste acordo de xustificación á Deputación Provincial da Coruña, Sección de Servizos Sociais.

9. Renuncias licenzas urbanísticas

A) Renuncia á concesión da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, xxxxx, na parroquia de Ledesma

Antecedentes:

Con data do 23/11/2015 e rexistro de entrada nº. 15/2228, por don Jesús xxxxx, con NIF xxxx, preséntase Solicitud de licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, xxxxx, parroquia de Ledesma, a nome de dona Patricia xxxxx e don Jesús xxxxx, en base ao proxecto subscrito polos arquitectos don Adolfo Viéitez Vázquez e don Santiago Martín Romarís García.

Así mesmo, figura na documentación presentada o documento xustificativo do abono da taxa municipal, polo importe de 183,81 €, en base á Ordenanza fiscal correspondente.

Con data do 21/01/2016 e rexistro de entrada nº 16/114, don Jesús xxxxx, con DNI xxxxx, solicita a renuncia á tramitación do dito expediente e á concesión da referida licenza municipal de obras para a construción da dita vivenda unifamiliar, en base ao proxecto presentado.

Tendo en conta que de momento o expediente está en tramitación, e en base ao escrito presentado, a Xunta de Goberno acorda:

1.-Aceptar a renuncia de concesión da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, xxxxx, na parroquia de Boqueixón, a nome de don Jesús xxxxx e dona Patricia xxxxx, en base ao expediente con rexistro de entrada nº 15/2228, de data do 23/11/2015.

2.-Proceder ao arquivo do expediente sen máis trámite.

3.-Notificar este acordo aos interesados.

B) Renuncia á concesión da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, xxxxx, na parroquia de Lamas

Antecedentes:

Con data do 09/10/2015 e rexistro de entrada nº. 15/1954, por don Javier xxxxx, con NIF xxxxx, preséntase Solicitud de licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, xxxxx, parroquia de Lamas, a nome de don Javier xxxxx, en base ao proxecto subscrito polo arquitecto don Antonio Sabucedo Costa.

Así mesmo, figura na documentación presentada o documento xustificativo do abono da taxa municipal, polo importe de 110,35 €, en base á Ordenanza fiscal correspondente.

Con data do 29/01/2016 e rexistro de entrada nº 16/176, don Javier xxxxx, con DNI xxxxx, solicita a renuncia á concesión da licenza municipal de obras para a construción da dita vivenda unifamiliar, en base ao proxecto presentado.

Tendo en conta que de momento o expediente está en tramitación, e en base ao escrito presentado, a Xunta de Goberno acorda:

1.-Aceptar a renuncia de concesión da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, xxxxxx, na parroquia de Lamas, a nome de don Javier xxxxxx, en base ao expediente con rexistro de entrada nº 15/1954, de data do 09/10/2015.

2.-Proceder ao arquivo do expediente sen máis trámite.

3.-Notificar este acordo ao interesado.

10. Altas abastecemento/saneamento

A) Concesión de altas de abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento, inclúese como beneficiario de dito servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome	DNI	Lugar	Taxas
Manuel xxxxxx	xxxxxx	xxxxxx – Ledesma, 15882 Boqueixón	109,73 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1- Dar de alta no servizo de abastecemento para obras ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento. Dita taxa xa consta ingresada polo interesado nas arcas municipais, no número de conta xxxxxx (Abanca), figurando o xustificante da transferencia realizada.

2.- Notificar este acordo ó interesado.

B) Concesión de altas de abastecemento e saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento e á de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e de saneamento, inclúese como beneficiario de ámbolos dous servizos ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome	DNI	Lugar	Taxa
Clerio xxxxxx	xxxxxx	xxxxxxVilar, s/n. - Lestedo 15881 Boqueixón	109,72 €

Polo que, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento e de saneamento para unha vivenda ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán polas ordenanzas fiscais reguladoras da taxa de abastecemento de auga e da taxa de sumidoiros.

As ditas taxas de abastecemento e de saneamento foron aboadas pola promotora da construción “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007.

2.- Notificar este acordo ó interesado.

11. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

Visto e prace

A secretaria

O alcalde